

**(RE)PRESENTANDO A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA EN CONTEXTOS EDUCATIVOS MULTILINGÜES:  
FIANDO LINGUAS E DESTECENDO IDEOLOXÍAS**

GABRIELA PREGO VÁZQUEZ / MARÍA CAAMAÑO ROJO / LUZ ZAS VARELA  
Universidade de Santiago de Compostela

Na nosa contribución presentaremos un achegamento ás ideoloxías lingüísticas da mocidade galega no marco das novas realidades multilingües dun centro educativo dun concello rururbano conectado coa migración en Galicia.

A investigación está inscrita nun conxunto de actividades do proxecto de investigación I+D+I *EquilinGalicia: Espazos de transformación sociolingüística no contexto educativo galego: axencia dos falantes, repertorios multilingües e prácticas (meta)comunicativas*, no que o estudantado dun Instituto de Ensino Secundario do concello de Arteixo levou a cabo unha investigación en colabor sobre os repertorios lingüísticos familiares e a diversidade lingüística da súa contorna. Para iso, desenvolveron un minucioso traballo etnográfico en diferentes fases e con distintas actividades: observacións etnográficas, recollida de biografías lingüísticas, enquisas sociolingüísticas, diversas dinámicas e xogos para partillar as biografías lingüísticas familiares, dramatizacións, videocreacións e microrrelatos.

No traballo que presentamos analizaremos as ideoloxías lingüísticas que emerxen na reflexión biográfica das linguas familiares en que a mocidade vai tecendo os repertorios lingüísticos, o que permite destecer as ideoloxías lingüísticas subxacentes.